

PLENO

**ACTA 2019/15 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 19/12/2019**

No salón de Plenos da Casa do Concello , ás 09:00 horas do 19/12/2019, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o da Corporación D. Federico Suárez Cancelo e asiste igualmente o Interventor da Corporación, D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA convocada a solicitude de catro concelleiros e conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

I PARTE RESOLUTORIA

- 1 APROBAR se procede o comezo de todos os trámites necesarios para o cambio de uso da catalogación do solo nas vivendas da Urbanización Porto Avieira (A Gándara – Oroso) que estean como vivendas de “uso exclusivamente hotelero” pasando a solo residencial

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

- 1 **APROBAR se procede o comezo de todos os trámites necesarios para o cambio de uso da catalogación do solo nas vivendas da Urbanización Porto Avieira (A Gándara – Oroso) que estean como vivendas de “uso exclusivamente hotelero” pasando a solo residencial**

O Sr. Alcalde sinala que ó tratarse dunha solicitude de pleno realizada polos concelleiros do grupo municipal do PP, cédelle a palabra ao voceiro deste grupo.

PLENO

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito quen sinala que como dixen na Comisión Informativa o que tratamos é de poñer a primeira pedra para o cambio de uso. Na Comisión Informativa non tiñamos os informes dos técnicos que si temos agora e sinalan que é necesario para o cambio de uso modificar o PXOM e xustificar o interese público. A modificación é necesaria e así nolo demandan os veciños. Afirmo que son conscientes de que é un trámite longo pero se trata polo menos de poñer hoxe a primeira pedra.

Intervén D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que logo das intervencións na Comisión Informativa e de ver os informes dos técnicos entendemos que a proposta é razoable. En relación ao interese público considera que este podería estar no feito de que as persoas poidan vender os seus pisos sen trabas.

Toma a palabra D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que temos que diferenciar entre o interese particular e o interese xeral, non se pode modificar o PXOM á carta e considera que isto é abrir unha porta por detrás para legalizar unha situación. Considera que xustificando ese interese xeral ademais se tería que presentar un proxecto onde se diga a que propietario se lle vai a poñer ese uso hoteleiro que se lle saca a estas vivendas. Afirmo que se alguén fai unha vivenda no medio do monte logo non pode pretender que o Concello ma legalice.

O Sr. Alcalde afirma que temos que lembrar que o promotor que ideou esa urbanización tiña un monte e a lei para transformalo requiría unha serie de parámetros e non permitía so facer vivendas, así era necesario reservar unha zona para sistemas xerais de subministro eléctrico, sistemas xerais viais, hoteleiros, deportivos etc...e iso foi o que se fixo. Se fixeron vivendas de uso residencial, e se fixeron, porque así o establecía o Plan Parcial, vivendas de uso hoteleiro, considera que tanto o promotor como os compradores actuaron diligentemente xa que sabían o que comprobaban. Afirmo que D. Alexander Doval Expósito non fixo unha gran labor solicitando este pleno, xa que o que conseguiu foi que os que estaban pendentes de mercar vivendas turísticas ou os donos do campo de golf tamén pretendan que se lles modifique o uso. Afirmo que o seu grupo non se opón a que cando se leve a cabo outra modificación do PXOM se estude incluír este cambio de uso, pero se ten en todo caso que ser consciente de que se lle retira esa carga a eses propietarios se ten que poñer en algún outro lugar e a outras persoas. Lembra que cando se levou a cabo a modificación puntual nº 2 do PXOM pola mina das Grobias que ten o Concello a edificabilidade xa se tentou este cambio e nun principio de palabra a Xunta dixo que si e logo cando tiñan que firmar dixeran que non e que o quitáramos se queríamos que se aprobase a modificación do PXOM. Considera que hai certas cousas que con falalas chega e reitera que coa acción de D. Alexander Doval a xente que quere comprar o campo de golf e outras parcelas agora tamén queren que se recualifique. Afirmo estar sorprendido porque se solicite a copia da licenza, como si fora un capricho o de conceder licenza para uso hoteleiro, cando as licenzas son taxadas. En todo caso sinala que non se lle vai a dar copia das licenzas de obras e de

PLENO

primeira ocupación pero si que se lle dará acceso ás mesmas. Segundo o informado tanto polo Secretario como polo Arquitecto Municipal non é tan doado chegar a facer ise cambio.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen quere darlle as grazas a Oroso Renovable polo seu apoio. En canto á intervención de D^a. Isabel Fernandez Gallego considera que o interese xeral está mais que xustificado e en todo caso ningún de nos somos arquitectos para entrar a valorar esa cuestión. Na súa opinión, non sabe como se pode comparar o proposto con facer unha vivenda en rústico e posteriormente pretender que se legalice, xa que aquí non se estaría a pedir que se legalice unha cousa ilegal, se non que se pide que se proceda a cambiar o uso dun solo urbano. Di que é unha legalización pola porta de atrás e non é así xa que se trata de construcións que son legais.

Respecto do que dixo o Sr. Alcalde, claro que hai que poñer este solo de uso hoteleiro noutro lado, pero o Concello fixo 11 modificacións do PXOM e terán que ser os técnicos os que digan onde se pode poñer. En canto ao tema das hipotecas que se comentou na Comisión Informativa hai dous bancos que non dan hipoteca, nin crédito nin nada para mercar este tipo de vivendas polo que é un problema para aquel que quere vender. Que sabían o que comprobaban, pois deberían pero estábamos no boom da construción e é probable que moitos non foran totalmente conscientes do que supoñía comprar nesas condicións. En canto ao campo de golf considera que se trata dunha cousa totalmente diferente, se trata dun particular que merca un solar e posteriormente quere que se cambie o uso. Di o Sr. Alcalde que non facemos un favor traendo esta cuestión a pleno, se o poñemos nas redes sociais tamén o crítica, se o traemos a pleno tamén mal. Polo que respecta á licenza en ningún momento dixen que estaba mal dada e solicitamos copia simplemente para vela. Considera que esta modificación do PXOM debería facerse ao igual que xa se fixeron 11 mais e xa dirán os técnicos se existe ou non interese xeral.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) reitera que os informes din que é viable iniciar esta modificación do PXOM e en ningún caso se trata de regularizar situacións ilegais.

D^a. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que calquera veciño podería solicitar o cambio de uso da súa parcela, e segue a insistir que as modificacións teñen que responder a un interese xeral, e non a que uns veciños teñan problemas para vender o que compraron cunhas condicións, iso non é un interese xeral, en todo caso considera que deberían traer unha proposta de como modificar o PXOM para que a si os técnicos poidan dicir si é viable ou non.

Intervén o Sr. Alcalde quen reitera que cando se fixo a modificación puntual nº 2 xa se intentou e a Xunta dixo que non era posible. Por exemplo na Area de Reparto nº 1 ao promotor se lle colleu terreo para uso publico ou se lle impuxeron cargas como por exemplo que determinada zona tiña que ser

PLENO

destinada a uso comercial, como é onde está o familia, pois podería vir aquí e solicitar que se lle modifique a uso residencial que sempre é moito mais lucrativo. Na modificación puntual nº 4 a Xunta de Galicia non nos deixa cambiar a segregación de parcela por exemplo. Afirmo que está dacordo no dito por D^a. Isabel Fernández Gallego, no sentido de instar a que traian unha proposta concreta e a podermos estudar. Finaliza sinalando que na súa anterior intervención falou do campo de golf pero se refería aos campos ao lado que están clasificados como uso hoteleiro e tamén agora solicitan que se cambie o uso.

Seguidamente o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: seis (4 do PP e 2 de OR).

Votos en contra: sete (6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG),

Abstencións: ningunha (0 votos) non aproba a proposta de proceder ao comezo de todos os trámites necesarios para o cambio de uso da catalogación do solo nas vivendas da Urbanización Porto Avieira (A Gándara – Oroso) que estean como vivendas de “uso exclusivamente hotelero” pasando a solo residencial.

Non existindo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 09: 29 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe, asinado dixitalmente por ambos.

O Alcalde – Presidente.

O Secretario

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo.